

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE FAI PÚBLICA A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN QUE XULGARÁ OS MÉRITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES Á PRAZA 25/3016, DE PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR/A DA UDC.

FEITOS

Primeiro. Por Resolución Reitoral (RR) do 13.01.2025 a universidade convoca un concurso para a contratación de profesorado axudante doutor/a, (prazas 25/3001 a 25/3028).

Segundo. O 14.04.2025 publícase no taboleiro electrónico oficial (TEO) da universidade a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas dos ditos proceso xunto coa composición das comisións de selección encargadas de xulgar os concursos para a provisión de cada unha das prazas. A comisión da praza 25/3016 estaba integrada por:

Comisión Titular			
Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Raposo Santiago, Juan	Profesor titular de universidade	560	Presidente
Losada Pérez, José	Profesor contratado doutor	560	Secretario
Fernández Vilas, Ana	Catedrática de universidade	560	Vocal 1º
Reviriego Vasallo, Pedro	Profesor titular de universidade	560	Vocal 2ª
Rojas Sánchez, Elisa	Profesora titular de universidade	560	Vocal 3ª
Castro Martínez, Alfonso	Profesor contratado doutor	075	Rep. do persoal traballador

Comisión Suplente			
Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Bellas Permy, Fernando	Profesor titular de universidade	560	Presidente
Álvarez Díaz, Manuel	Profesor titular de universidade	560	Secretario
Martínez Yelmo, Isaías	Profesor titular de universidade	560	Vocal 1º
Guerrero López, Carmen	Profesora titular de universidade	560	Vocal 2ª
Macías López, Elsa María	Profesora titular de universidade	560	Vocal 3ª

Terceiro. O 05.05.2025 constitúese a comisión da referida praza coa presenza de todos os seus membros da comisión titular, que manifestan que non están incurso en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023 e contemplados no apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador (aprobada en Consello de Goberno do 07/11/2024).

Cuarto. Unha vez constituída, a comisión de selección establece os criterios de valoración, que se publican no TEO con data 08.05.2025.

Quinto. O 17.06.2025 unha das persoas candidatas á citada praza, presenta dous escritos a través do rexistro electrónico da UDC nos que manifesta a posible existencia dunha causa de conflito de interese por parte dunha das persoas vogais da comisión titular, con respecto a unha persoa candidata.

Sexto. Por Resolución reitoral do 02.07.2025 estímase a solicitude na que se alega a existencia de conflito de interese

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador (aprobada en Consello de Goberno do 07/11/2024) establece que os membros das comisións deberán declarar os seus posibles conflitos de interese e renunciar a formar parte da comisión cando conorra algunha das seguintes circunstancias respecto dalgunha das persoas candidatas:

- a) Ser coautor ou coautora de publicacións ou patentes nos últimos seis anos.
- b) Manter relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto con algunha persoa candidata.
- c) Dirixir a súa tese de doutoramento defendida nos últimos seis anos.

É necesario garantir os principios de imparcialidade, obxectividade e transparencia no procedemento.

Por todo o exposto anteriormente, **DISPOÑO**:

Primeiro. Retrotraer o procedemento ao nomeamento dunha nova Comisión de selección que vulgará a praza 25/3016 constituída polas persoas que figuraban inicialmente como membros suplentes

Segundo. Facer pública a composición da nova Comisión de Selección:

Comisión titular			
Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Bellas Permuy, Fernando	Profesor titular de universidade	560	Presidente
Álvarez Díaz, Manuel	Profesor titular de universidade	560	Secretario
Martinez Yelmo, Isaías	Profesor titular de universidade	560	Vogal 1º
Guerrero López, Carmen	Profesora titular de universidade	560	Vogal 2ª
Macías López, Elsa María	Profesora titular de universidade	560	Vogal 3ª
Castro Martínez, Alfonso	Profesor contratado doutor	075	Rep. do persoal traballador

Tercero. Publicar no TEO da UDC esta resolución.

O reitor,

PD A vicerreitora de Profesorado (RR 10.07.2024, artigo 14.4)

Teresa López Fernández